

Síguenos en



Biblioteca
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

setembro – decembro
2015


BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Durante os meses de verán aproveitamos a pausa académica para facer no catálogo o enlace a toda a bibliografía recomendada nos distintos graos e mestrados. A partir das guías decentes creadas por cada profesor/a introducimos todos os cambios e novidades na bibliografía xeral. Non toda a bibliografía recomendada está na biblioteca universitaria.

Podedes ver a bibliografía de cada una das vosas asignaturas no catálogo, dende a páxina principal, seleccionando en bibliografía recomendada una das opcións: por *materia* ou por *profesor/a*.



Como xa sabedes, polo de agora non se poden facer novos pedidos, ata que abran una nova partida orzamentaria.

ALFIN

A Biblioteca comeza agora en setembro as formacións para docentes e alumnado. Este ano teremos un novo curso, “**Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación**”, de carácter semipresencial, 12 horas (8h en liña e 4h en obradoiros presenciais nas bibliotecas dos centros), en colaboración co CUFIE. O obxectivo deste curso é dotar ao PDI da Universidade da Coruña dos recursos e coñecementos necesarios para optimizar a visibilidade da súa produción científica nas diferentes bases de datos e redes sociais científicas.

Programa do curso:

1. A identificación de autor: nome e filiación.
2. A publicación en acceso aberto. O repositorio institucional da UDC.
3. Plataformas sociais e redes científicas Preinscripción ata o 15 de setembro

Lembrámosvos a nosa **oferta anual**, que podedes solicitar na Biblioteca. Son formacións para grupos, tanto para docentes e investigadores como para o alumnado e PAS:

- Visita guiada. Xoves de 12-12.30 h. Alumnado 1º
- Presentación dos servizos e utilización do catálogo. Xoves de 13-14 h. Alumnado 1º
- Habilidades para o acceso e xestión da información (I). A Biblioteca e os seus servizos. Principias fontes. 2 horas. Alumnado de grao.
- Habilidades para o acceso e xestión da información (II). Procura avanzada e xestores bibliográficos. 3 horas + plataforma Moodle. Alumnado grao e mestrado.
- Xestores bibliográficos. Refworks. 1 hora
- TFG e TFM. Buscar e xestionar a información. 3 h + plataforma Moodle.

Os cursos para alumnado de grao e mestrado poden ser solicitados polo profesorado e impartiranse en grupos dun máximo de 30 alumnxs, ben na propia aula ou ben na aula multimedia. O curso para TFG e TFM serán solicitados polo alumnado, que deberá anotarse na biblioteca. Serán dados de alta na plataforma e asignados a un grupo para la parte presencial.

No noso blogue publicaremos nestes días as datas dos cursos de axuda bibliográfica para a preparación do TFG e TFM.

Ademáis ofrecemos seminarios prácticos específicos para grupos pequenos como apoio á investigación:

- Avaliación da produción científica
- Organizar a información e traballar na nube
- Ferramentas educativas utilizando as TIC
- Creación dun perfil de investigador/a

Os seminarios prácticos serán a petición de docentes ou alumnado de terceiro ciclo, para grupos dun mínimo de 3 persoas e máximo de 6 e serán impartidos na propia biblioteca.

EXPOSICIÓNS.

Recuncho de lectura

Exposición de Isabel Pintado Palacio. Pintora, gravadora, ilustradora, realiza ademais escenografías e pintura en seda. Teremos unha mostra dalgunhas das súas obras en papel e lenzo.



Datas: outubro-decembro 2015
Lugar: Recuncho de lectura
Web: www.isabelpintado.es

Peceiras de creatividade



Ata o 21 de setembro continuará a mostra sobre a contaminación dos océanos, e a poesía do mar, á que acompañan os barcos e “criaturas caóticas” de **Xosé Manuel Barros Hermida**, da asociación Mar de fábula.



A partir do 23 de setembro, con motivo do *II seminario internacional de educación social y alfabetización lectora*, que terá lugar o 25 de setembro na nosa facultade, nas nosas peceiras teremos bibliografía sobre o tema.

No mes de outubro contaremos cunha mostra de libros intervidos por **Isabel Pintado Palacio**.



Lembrámosvos que continuamos co proxecto “Solta a lingua”, un clube de conversa en diferentes idiomas que se realizará no Recuncho de lectura e que ten como obxectivo a inmersión lingüística noutra lingua.

Está dirixido á comunidade universitaria. Os participantes formarán grupos por lingua cun mínimo de tres persoas e un máximo de dez. É preciso anotarse previamente na biblioteca. A conversa non está dirixida, aínda que a Biblioteca, a través do seu blogue, engadirá enlaces a libros, películas, temas, que poden axudar a romper o xeo. Tamén propón a proxeccións de películas en versión orixinal. Ademáis convidará nalgunhas ocasións a nativas/os a participar, o cal se avisará con antelación.

Comezaremos cos seguintes grupos:

	horarios	
Inglés	Lúns de 13 a 14	Mércores de 19 a 20
Francés	Martes de 13 a 14	Xoves de 19 a 20
Italiano	Mércores de 13 a 14	Xoves de 18 a 19
Galego para neofalantes	Xoves de 13 a 14	Lúns de 19 a 20
Alemán	Venres de 13 a 14	Martes de 19 a 20

Poderán crearse máis grupos a petición da comunidade universitaria (chino, xaponés, árabe...)

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



Continuamos co clube de lectura, que funciona grazas ao apoio do servizo de Normalización Lingüística, e a partir de agora tamén coa colaboura da editorial Galaxia.

A vindeira lectura será **Coma unha áncora**, de **Iria Collazo**.



Encontro literario coa autora
Data: 15 de outubro, ás 18 h
Lugar: Recuncho de lectura



E continuaremos, en decembro coa lectura de **Tes ata as 10**, de **Francisco Castro**, con quen falaremos sobre a súa obra o día 14 de decembro ás 17 h.

Como xa sabedes, o clube está aberto a toda a comunidade universitaria, é virtual, a través do noso blogue, e podedes participar nos encontros que vos interesen. Conta coa colaboración de Juan José Bueno Aguilar, que leva o cineclube. Coordina o clube: Inma Doval Porto. nbedaclubelectura.wordpress.com